

A concepción do ser humano en Marx (Antropoloxía marxista):

O denominado **humanismo marxista** ou a visión filosófica do ser humano en Marx, aparece recollida, principalmente, nos Manuscritos de economía e filosofía de 1844 (coñecidos como *Manuscritos de París*) e tamén nas Teses sobre Feuerbach (1845). Principalmente, nestas dúas obras Marx expón a súa visión do ser humano en diálogo crítico con outros pensadores e correntes filosóficas.

Nos *Manuscritos*, Marx critica a **Economía Política inglesa** (**David Ricardo, Adam Smith**) que reduce a actividade especificamente humana do traballo a unha mera actividade económica e que “só coñece ao obreiro en canto animal de traballo, como unha besta reducida ás máis estritas necesidades vitais”. Os **economistas burgueses liberais** xustifican (lexitiman) a economía capitalista de libre mercado rexida pola lei da oferta e a demanda e avogan pola non interferencia estatal no espazo privado da economía. E aínda que recoñecen as condicións de vida degradantes dos obreiros, consideran que abundan con certas reformas nas condicións de hixiene e seguridade no traballo para mellorar a condición dos obreiros.

Marx tamén critica ao filósofo alemán máis importante de comezos do século XIX, **Hegel**, atacando a súa visión idealista do home, que concibe ao ser humano, principalmente, en termos de *conciencia* e *razón*, e cuxa esencia se sitúa na *conciencia de se mesmo*: “A esencia humana, o home equivale para Hegel a *autoconciencia*.” Pero Marx, recollerá de Hegel a súa **visión dialéctica da Historia** da humanidade, a saber, concebir o proceso histórico, precisamente, como proceso, devir, movemento, que se explica por unha contradicción ou loita. Pero, a diferenza de Hegel, a contradicción interna á Historia que fai que avance, non é a oposición entre ideas ou teorías (filosóficas, científicas, políticas, relixiosas), senón a loita de clases. Así, pois, a diferenza da **visión idealista da Historia** de Hegel, Marx defenderá unha **concepción materialista da Historia**, que pon o foco nos **antagonismos de clases** como motor da Historia.

A crítica a **Feuerbach**, ideólogo da esquerda hegeliana, aparece nas *Teses*. En primeiro lugar, Marx critica a Feuerbach por considerar que a **actividade teórica**, a reflexión, é a actividade especificamente humana: “só se considera como autenticamente humano o comportamento teórico.” Se ben Feuerbach adopta un punto de vista empirista (a sensibilidade é a facultade que xera o coñecemento humano) e materialista (o home é un ser natural), Marx considera que o seu materialismo é un **materialismo contemplativo**. Feuerbach non ten en conta a importancia da actividade práctica, a praxis humana. Esta praxis é capaz de transformar a natureza, e na súa vertiente de praxis revolucionaria, diríxese á transformación da sociedade: “de aí que Feuerbach non comprenda a importancia da actividade revolucionaria, da *actividade crítico-práctica*.” Pero, a comprensión que **Feuerbach** ten do ser humano resulta errónea por un segundo motivo: a súa visión da **natureza humana** é absolutamente **abstracta**, xa que concibe ao home ao marxe da historia e da sociedade: “*Pero a esencia humana non é algo abstracto e inmanente a cada individuo. É, na súa realidade o conxunto de relacións sociais.*” Para Marx, non existe unha esencia humana en xeral, senón que o home faise a se mesmo, ao longo da historia, dentro da sociedade e transformando a natureza por medio dunha actividade especificamente humana que é o traballo.

“O home produce ao home, a se mesmo e a outro home (...) Así como é a sociedade mesma a que produce ao home en canto home, así tamén é producida por el (...) Toda a chamada Historia universal non é outra cousa que a produción do home polo traballo humano...”

(Manuscritos de economía e filosofía)

Recapitulando as teses principais da crítica de **Marx** a Feuerbach: o home non é un ser teórico, meramente contemplativo ou reflexivo, ou que se limite simplemente a percibir o seu entorno por medio dos sentidos, senón que o ser humano é activo, un **ser prático**, constituindo o **traballo** a súa actividade principal e específica (a que nos diferencia de todos os demais animais). O traballo, en tanto que actividade exclusivamente humana, pon en contacto aos homes coa natureza (transformación-humanización da natureza) e cos demais homes (o traballo é traballo social, pon en relación a uns homes con outros). Por iso, o home é un **ser social**. E, finalmente, na medida en que o home, ao transformar a natureza, tamén transforma a sociedade e a se mesmo, é un **ser histórico** que leva a cabo a súa propia “*autocreación* por medio do traballo a través da historia”. Autoxénese do home por medio do traballo.